

# O Manifesto de Banca Ética

*Versión do 7 de abril de 2014*

## INTRODUCCIÓN

Xuros que benefician as persoas

Este principio fixo que, en 1999, nós –homes, mulleres, organizacións, movementos...– désemos vida a Banca Ética. Somos unha banca do pobo, cun accionariado amplo e participativo e coa opción cooperativa como valor e como opción organizativa, que fai seu o concepto de cidadanía activa e responsable.

Nestes anos teimamos por converternos en referencia para calquera experiencia de empresa social e de economía que contribúa á promoción do ben común e dunha sociedade máis xusta, solidaria e sostible; propuxémonos ser unha ferramenta de transformación e promoción social.

A través da actividade cultural e das accións directas das persoas socias, levadas a cabo en rede con outros actores sociais, tentamos consolidar unha nova cultura económica, financeira e social. Así, grazas á nosa contribución, fortaleceuse o papel da cidadanía e esta volveuse cada vez máis consciente da importancia das súas decisións diarias de consumo e aforro.

Nacemos como unha banca alternativa, para ser «outra cousa» respecto da práctica corrente de «facer banca» e para tentar cambiar as regras do mercado a través:

- da transparencia;
- da responsabilidade social e ambiental como criterio na xestión do aforro;
- dun modelo de gobernanza que se basea nunha organización territorial das persoas socias;
- do proceso de Responsabilidade Social da organización.

Facemos nosos os principios contidos no Manifesto das Finanzas Éticas.

Somos tamén un grupo bancario que, a través de Ética Sgr. Sociedade de xestión do aforro, leva os valores das Finanzas Éticas aos mercados financeiros, sensibilizando ás persoas e aos operadores financeiros para levar a cabo investimentos socialmente responsables.

A nosa traxectoria crúzase no 2005 co proxecto levado a cabo durante nove anos por Fiare no Estado español. Como produto deste encontro atopámonos nunha única dirección: a dunha banca que vai máis aló das fronteiras nacionais e entra nunha dimensión internacional, que implica cooperar con persoas, organizacións e movementos conscientes de que hoxe este gran desafío só se pode afrontar cunha lóxica de interdependencia, solidariedade, xustiza e coidado da Terra.

## A visión da sociedade

### O pensamento social de referencia

O modelo de sociedade que defendemos fúndase principalmente na xustiza e na solidariedade, valores que favorecen unha produción e distribución da riqueza que ten en conta as necesidades de cada persoa da comunidade.

Disto dedúcese un pensamento social baseado:

- na primacía da persoa sobre o mercado;
- na igualdade de oportunidades ofertada a todas as persoas, de xeito que sexan creadoras do seu propio proxecto de vida;
- na equidade e na sobriedade na produción e distribución da riqueza e no uso dos recursos;
- na escoita e no apoio á comunidade que se organiza para dar resposta a necesidades individuais e colectivas;
- nos principios de reciprocidade, interdependencia e corresponsabilidade, con atención ás novas formas de pobreza e marxinação;
- na cultura da legalidade e nunha nova convivencia civil;
- no respecto e na valorización de toda a diversidade, atendendo ao enfoque de xénero á hora de afrontar os problemas políticos, sociais, económicos e culturais.

### Asunción de responsabilidade por parte de todos os actores sociais

O pensamento social que emerxe desta visión baséase na participación e na asunción de responsabilidade por parte dos actores sociais que comparten a busca de respostas axeitadas ás necesidades das persoas e da comunidade.

Institucións públicas, empresas e organizacións sociais deben actuar conxuntamente, a través da acción colectiva, para promover a autorganización e as relacións sociais das comunidades locais.

Polo tanto, promovemos:

- o voluntariado como unha acción directa integradora e gratuíta da cidadanía;
- os procesos de participación da base social e dos deseños compartidos;
- formas de benestar local que fomenten o desenvolvemento da comunidade territorial e, ao mesmo tempo, o reforzo dos recursos da persoa.

Isto non exime ao Estado nin ás institucións públicas da participación neste proceso de desenvolvemento civil, senón que máis ben reforza o seu papel como garante dos dereitos da cidadanía, mesmo a través dos estándares cuantitativos e cualitativos dos servizos.

Por iso vanse recuperar, en colaboración con outros axentes da zona, os valores que son a base do Estado social, para garantir elementos que se consideran esenciais para a realización integral da persoa.

### Xerar «capital social»

Correspóndenos o papel de «dar mobilidade» á riqueza, non só á monetaria e material, senón tamén á riqueza do saber, das destrezas, da diversidade, dos valores: un capital que é, ao mesmo tempo, social, humano, material, inmaterial, económico e financeiro.

Isto significa que podemos chegar a ser cada vez máis un lugar de encontro e relación en medio das diferentes realidades locais, favorecendo así a promoción e a creación das redes de riqueza presentes nas nosas comunidades territoriais.

## **Un modelo sustentable**

O desenvolvemento configúrase como un crecemento humano e social que respecta o medio ambiente e os recursos naturais. A este criterio deben responder tamén as actividades económicas e financeiras.

Por iso, cremos nun modelo de sustentabilidade estreitamente conectado:

- coa calidade de vida do individuo e da comunidade;
- co respecto polo equilibrio ecolóxico, pola conservación da biodiversidade;
- co compromiso cunha sobriedade no consumo e cunha redución dos residuos e dos refugallos;
- cos investimentos no eido da produción de enerxía a partir de fontes renovables;
- coa soberanía alimentaria;
- coa garantía do futuro para as vindeiras xeracións.

O medio ambiente, isto é, o escenario e o contexto no que vive, traballa e medra cada comunidade, inclúe e integra tanto a dimensión humana coma a natural. Disto dedúcese unha necesaria interdependencia entre economía e ecoloxía, que leva a desenvolver aquelas actividades produtivas que sexan ecoloxicamente sostibles ou, máis ben, que conserven íntegro o capital natural, sen atacar a capacidade dos ecosistemas para rexenerarse.

Temos que superar a dicotomía entre produción económica e conservación da natureza, harmonizando ao mesmo tempo os obxectivos económicos coa protección deste patrimonio.

## **A visión da economía e das finanzas**

### **O papel de intermediación crediticia como instrumento de cambio e de participación**

Da nosa visión da sociedade dérívase tamén un pensamento económico que pon a actividade económica ao servizo das necesidades da persoa e da sociedade.

Estamos empeñadas/os en contribuír, a través da actividade crediticia, á eliminación dos obstáculos de orde económica, social e cultural que de feito limitan a liberdade e a igualdade da cidadanía, e impiden o pleno desenvolvemento das persoas.

Pretendemos desenvolver o noso papel de intermediario crediticio:

- dando crédito aos/ás que traballan polo ben colectivo;
- converténdonos en instrumento de contaminación positiva en medio do mercado e dos/das protagonistas das finanzas;
- desencadeando procesos culturais e de cidadanía activa.

Así, o banco convértese nun instrumento da democracia económica, xa que permite:

- á cidadanía, no seu rol de persoas aforradoras, consumidoras, traballadoras, emprendedoras e socias, exercer o seu poder de elección responsable;
- ás persoas socias participar directamente nos procesos de toma de decisións a través do sistema de gobernanza difundido.

Tamén promovemos un uso consciente do diñeiro, apoiando vías de educación financeira e de finanzas éticas.

Como banco afirmamos a primacía do traballo sobre as rendas do capital na produción de ingresos. Consideramos o traballo unha parte esencial da vida humana e unha ferramenta de autorrealización até o punto de que a «creación de emprego» é un dos criterios cos que se avalía

a concesión dun crédito.

Recoñecemos a importancia de xerar un balance económico positivo, dirixido á realización da nosa misión e entendido como obxectivo corporativo, indicador dunha xestión económica sa e eficaz e garantía de independencia.

Creemos preciso que o noso goberno sexa garantía dunha continua interacción entre todas as partes interesadas, á luz das normas, espazos de discusión e obxectivos compartidos. Isto reflíctese na orixinalidade do modelo organizativo do banco, que integra a acción dos Grupos de Iniciativa Territorial das persoas socias (GIT) na rede operativa.

### **A non violencia tamén no campo económico e financeiro**

O diñeiro, como un instrumento de poder, pode ser fonte de conflitos, abusos e violencia. Ao atribuírmos ao diñeiro a función dunha ferramenta para o desenvolvemento humano integral, estamos a reducir ou eliminar os posibles elementos de conflictividade a través da construción e fortalecemento de redes económicas, sociais e de participación para un uso colectivo.

Optamos, polo tanto, pola non violencia, tamén no eido económico e financeiro.

### **O aforro, de ben individual a ben común**

Consideramos o aforro como un ben individual que pode contribuír ao ben colectivo.

O aforro ten un dobre valor:

- persoal, xa que, ao aportar recursos, a persoa asegura a resposta ás necesidades ou proxectos futuros;
- social, converténdose en ben colectivo, xa que esta riqueza, aínda que siga sendo individual, a través da intermediación financeira pode ser redirixida como crédito a persoas e organizacións que a precisen.

Por iso, marcámonos como obxectivo proporcionar a oportunidade de facer investimentos non especulativos do aforro, cuxo obxectivo é a protección do poder adquisitivo e o financiamento daquelas entidades que actúan polo ben colectivo, estimulando, mediante un accionariado activo e crítico, comportamentos responsables.

### **O acceso ao crédito como dereito da persoa**

Partindo do suposto de que a confianza é a base das boas relacións entre as persoas e de que sen confianza non pode haber crédito, consideramos a este como un dereito humano, pero o asociamos ao mesmo tempo aos principios de corresponsabilidade, prudencia e corrección.

O acceso ao crédito é un dereito que a persoa pode exercer para construír e desenvolver o seu propio proxecto de vida: un dereito que lle garante e fai posible outros dereitos.

Fronte ao dereito ao crédito, a parte debedora ten a obriga do uso correcto dos recursos financeiros asignados e da súa restitución.

### **Distorsións do actual sistema financeiro e posibles accións**

A actividade financeira ten o obxectivo de transferir riqueza desde o aforro até a necesidade. Nas últimas décadas, as finanzas perderon de vista con frecuencia o seu obxectivo orixinal, pasando de ser un servizo á economía e á sociedade a ser un fin en si mesmas para que o diñeiro traia máis diñeiro.

Creemos que é posible e necesario redirixir as finanzas cara á consecución do benestar colectivo, facendo da economía e das finanzas un servizo á sociedade e non ao revés.

Neste contexto, apoiamos todas as accións culturais, políticas e de mobilización pública que propoñan intervencións correctoras das distorsións existentes no sistema financeiro.

Polo tanto, nun abano non exhaustivo, queremos dar relevancia ás accións que poidan:

- contrarrestar a especulación financeira, mesmo a través de impostos sobre as rendas financeiras, para obter recursos para o benestar, o medio ambiente e a cooperación;
- mellorar a transparencia no campo financeiro eliminando os paraísos fiscais;
- pór en práctica a separación entre a banca comercial ao servizo da economía real e a actividade meramente especulativa;
- introducir unha normativa específica para as finanzas éticas.

## **Apoiando unha nova economía para o ben común e os bens comúns**

Nestes principios baséase o noso compromiso de orientar a actividade da intermediación financeira cara á economía real, confiando en experiencias que, producindo bens relacionais, culturais, naturais e ambientais, se preocupan polas consecuencias non económicas das actividades económicas.

Opoñémonos á exclusión social e ao aumento da desigualdade económica, mediante a oferta de produtos bancarios, unha actividade socio-cultural específica e unha educación económico-financiera.

A visión da economía que auspiciamos, unha economía social e solidaria, baséase nun modelo de desenvolvemento no que os tres alicerces que caracterizan a sustentabilidade dunha sociedade (desenvolvemento económico, cohesión social e tutela ambiental) se pensan dun modo fortemente integrado.

## **As cinco dimensións da nova economía**

A realidade da nova economía responde a cinco características interdependentes:

### *- a dimensión comunitaria*

Pensamos en empresas e organizacións que poñen en valor os recursos das persoas e dos territorios desde unha óptica de democracia económica.

### *- a relación*

A calidade das relacións (a posibilidade de moverse nun terreo de valores compartidos e de relacións fiduciarias estables) favorece a posibilidade de intercambios vantaxosos entre as persoas ou colectivos involucrados, de reducir a conflitividade social e, polo tanto, de aumentar os comportamentos mutualistas e cooperativos.

### *- a reciprocidade*

Pensamos en axentes económicos e sociais menos interesados en competir e máis orientados a cooperar na busca do ben colectivo, no que adquiren valor as relacións e os intercambios de bens e servizos que non se basean exclusivamente no intercambio equivalente.

### *- a legalidade*

É requisito esencial para promover o pleno desenvolvemento da persoa e da comunidade e para a construción do ben común. As empresas e as organizacións débense sentir suxeitos activos e protagonistas na creación da cultura da legalidade tanto internamente na súa dinámica de toma de decisións, coma nas relacións coas institucións, a cidadanía, as entidades provedoras e as sociedades de crédito. Sen legalidade non pode haber sustentabilidade do territorio.

## **Evolución social e ambiental**

Pensamos en empresas e organizacións cunha propensión profunda e colectiva a ir «máis aló» nunha óptica de visión global e de escenario futuro de construción colectiva, conxugando a dimensión ambiental e social:

- social, ligada ás novas necesidades das persoas e da comunidade, para as que han de procurar novas respostas orientadas a xerar un efecto de mellora da calidade de vida individual e colectiva;
- ambiental, ligada ao respecto, uso e valorización do medio ambiente e dos recursos de que se dispoñen; dimensión pola que se vai promover e manter a reutilización dos recursos producidos, a reciclaxe do material desbotado, a produción de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora das particularidades naturais e culturais dos territorios, nunha lóxica de largo prazo.

## **Conclusión**

Este é o empeño que nós –homes, mulleres, organizacións, movementos...– asumimos ante a sociedade na que vivimos e ante as xeracións vindeiras.